

## **ESTATUTOS E BASES DE ACTUACIÓN DA ENTIDADE DE CONSERVACIÓN DO PARQUE DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DE ARTEIXO**

### CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS.

#### ARTIGO 1.- DENOMINACIÓN E NATUREZA XURÍDICA.

Coa denominación de "Entidade Urbanística de Conservación do Parque de Actividades Económicas de Arteixo" constitúese unha Entidade Urbanística Colaboradora de carácter administrativo, personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins dende a súa efectiva constitución. O Proxecto Sectorial do ACTECA foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia, por acordo de 22 de xullo de 2005 publicado no DOGA do 30 de setembro de 2005, e modificado en data 25 de xuño de 2020 publicado no DOGA de 20 de agosto de 2020.

#### ARTIGO 2.- DOMICILIO.

1.- O domicilio da Entidade de Conservación establécese en Praza Alcalde Ramón Dopico, 1, C.P.: 15142, Arteixo, A Coruña. 2.- Este domicilio poderá ser modificado por acordo da Asemblea Xeral, dando conta ao Concello.

#### ARTIGO 3.- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

A Entidade de Conservación abrangue a totalidade da área delimitada como Parque de Actividades Económicas de Arteixo, segundo a delimitación que figura no Plano Anexo, sen incluír o tramo do viario DP0512 da Deputación de A Coruña. Debido a que o Parque de Actividades Económicas desenvólvese en catro fases, a recepción sucesiva das diferentes fases determinará a incorporación sobrevida dos propietarios das parcelas de cada fase á Entidade de Conservación no momento no que se produza a recepción, redistribuíndose automaticamente a porcentaxe de participación de cada propietario, de conformidade co disposto no artigo 7 dos presentes Estatutos. A recepción de cada unha das fases levará de xeito automático a súa incorporación ao obxecto e fins da Entidade.

#### ARTIGO 4.- OBXECTO E FINS.

A) OBXECTO.- Esta Entidade ten xenericamente por obxecto a conservación das obras de urbanización e o mantemento das dotacións e redes de infraestruturas e, en concreto, dos espazos verdes públicos de nova creación, os espazos axardinados existentes na rede viaria: glorietas, mediana e alcorques; o mobiliario urbano, incluído báculos de alumeadado público; as sinalizacións horizontais e verticais, e os espazos libres privados sobre os que se constituía un dereito real de uso público da súa superficie en favor do Concello.

B) FINS.- Para a consecución do obxectivo proposto, a Entidade de Conservación desenvolverá as actividades seguintes que constitúen o seu fin primordial:

a) Actuar como lexítima representante dos titulares dos terreos comprendidos dentro do ámbito.

b) Atender o mantemento e conservación dos espazos libres, zonas verdes, redes de servizos e, en xeral, as obras de urbanización executadas baixo as directrices da Administración Municipal.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

- c) Establecer e dirixir os servizos comúns de limpeza, seguridade e vixilancia, e abastecementos así como aqueles previstos no plan ou que veñan esixidos pola urbanización e se consideren pertinentes, ditando ao efecto as adecuadas normas de réxime interior.
- d) Realizar as obras complementarias e de ampliación ou actualizacións das instalacións e creación de novos servizos comúns que sexan necesarios ou convenientes para o mellor desenvolvemento e conservación da urbanización e o mellor servizo aos titulares das propiedades.
- e) Velar polo adecuado uso dos elementos da urbanización, garantindo e esixindo o cumprimento dos dereitos e obrigas que competen aos membros da Entidade.
- f) Adquirir, posuír, allear, gravar ou exercer calquera outro acto de dominio ou de administración dos bens que integran o patrimonio da Entidade de Conservación e concertar contratos e créditos de toda clase, dentro do obxecto da Entidade.
- g) Distribuír os gastos comúns entre todos os integrantes da Entidade, conforme ás normas establecidas nos presentes Estatutos e, no seu caso, aos acordos adoptados polos órganos reitores da Entidade.
- h) Promover a convivencia social dos membros da Entidade, dirimindo as esixencias que puideran xurdir entre eles en relación co uso e disfrute dos elementos propios e comúns.
- i) Asumir a xestión e defensa dos intereses comúns dos socios da Entidade ante calquera Autoridade, Organismo ou Administración, así como ante os Xulgados e Tribunais de calquera xurisdición.
- k) Interesar da Administración actuante o exercicio da vía de constrinximento para facer efectivo o cobro das cantidades debidas polos membros da Entidade, de acordo co disposto no RSLG.
- l) Adoptar as medidas e exercitar, no seu caso, as accións correspondentes fronte a membros da Entidade ou terceiras persoas, para esixir o adecuado cumprimento das obrigas contraídas por razón do plan vixente.
- m) Velar polo estrito cumprimento das ordenanzas do plan aprobado.
- n) Aprobar anualmente un Plan de actuación, consensuado co Concello no que a este afecte.
- ñ) Calquera outros que se acorde acometer, adoptados con quórum suficiente pola Asemblea Xeral, e que, encadrándose dentro dos fins legais da Entidade sexan debidamente autorizados pola Administración municipal.

#### ARTIGO 5.- ADMINISTRACIÓN ACTUANTE E REPRESENTANTE MUNICIPAL.-

A Entidade Urbanística Colaboradora actuará baixo o control administrativo e urbanístico do Concello de Arteixo. O Concello de Arteixo, en calidade de Administración actuante, terá as seguintes funcións:

- a) Aprobar a constitución da Entidade Urbanística de Conservación, así como os Estatutos e as súas modificacións.
- b) Utilizar a vía de constrinximento para facer efectivo o cobro das cantidades debidas por calquera dos membros da Entidade.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

c) Resolver os recursos interpostos contra os acordos da Entidade.

d) En xeral, as demais atribucións que lle confira a lexislación vixente e os presentes estatutos. O Concello de Arteixo designará ao representante municipal na Entidade Urbanística.

## ARTIGO 6.- DURACIÓN.

A Entidade de Conservación constitúese por un prazo de 5 anos, contado desde a aprobación municipal dos seus Estatutos e do acto de constitución e para as fases non recepciónadas estarase á data da efectiva recepción das obras de urbanización de cada una das fases.

## CAPÍTULO II. DOS MEMBROS DA ENTIDADE.

### ARTIGO 7.- MEMBROS DA ENTIDADE.

Formarán parte da Entidade:

a) O Concello de Arteixo, como administración actuante e, de ser o caso, como propietario de parcelas con coeficiente de participación no deber de conservación.

b) Os propietarios de bens inmobles comprendidos no ámbito do polígono de referencia, sendo a súa pertenza á Entidade unha calidade propter rem, vinculada con carácter real á propiedade da parcela.

A transmisión da titularidade que determine a pertenza do adquirente á Entidade de Conservación levará consigo a subrogación nos dereitos e obrigas do transmitinte, entendéndose incorporado o primeiro á Entidade a partir do momento da transmisión en documento público.

Os dereitos e deberes, políticos e económicos dos propietarios corresponderanse coa porcentaxe que representa o aproveitamento urbanístico de cada parcela sobre a totalidade do aproveitamento urbanístico do parque de actividades económicas. A tal fin, unicamente se terán en conta os polígonos ou fases cuxas obras de urbanización foran rematadas e recibidas polo Concello.

En todo caso, de conformidade coa lexislación urbanística vixente, a responsabilidade dos propietarios fronte á Entidade de Conservación terá carácter real, respondendo por elo as fincas das que sexan titulares en cada momento das obrigas asumidas por aqueles fronte á Entidade.

Os cotitulares dunha finca teñen que designar, en documento fidedigno, a unha soa persoa para o exercicio das facultades de asociado, respondendo solidariamente fronte a ela de cantas obrigas dimanen da súa condición. Se non nomeasen representante no prazo que se determine, o fará o órgano administrativo tutelante, a petición do Presidente da Entidade. O designado, neste caso, exercerá as súas funcións mentres os interesados non designen a outro.

Cando as fincas pertencen a menores ou persoas que teñan limitadas a súa capacidade de obrar, estarán representados na Entidade por quen ostente a representación legal dos mesmos.

A Entidade de Conservación deberá comunicar ao Concello de Arteixo calquera modificación que se teña producido na titularidade das parcelas incorporadas, dentro dos quince días seguintes ao seu coñecemento.

## ARTIGO 8.- DEREITOS DOS MEMBROS.

Son dereitos dos membros desta Entidade:

- a) Participar con voz e voto na Asemblea Xeral.
- b) Elixir aos membros da Xunta Directiva e ser elixido como membro da mesma.
- c) Presentar suxestións para mellora-lo funcionamento da Entidade.
- d) Obter información da actividade da Entidade, das contas e dos seus órganos, podendo solicita-la exhibición dos recibos e xustificantes dos pagos nos días seguintes á recepción da convocatoria da Asemblea Xeral Ordinaria na que se aprobe a Memoria de Contas e Balance da mesma.
- e) Ser notificados de todos os acordos adoptados polos órganos reitores e formular os recursos procedentes.
- f) Os demais dereitos que lles correspondan conforme a estes Estatutos e ás disposicións legais aplicables

## ARTIGO 9.- OBRIGAS DOS MEMBROS.-

Son obrigas dos membros desta Entidade:

- a) O cumprimento dos acordos dos órganos competentes da Entidade, que se deriven do disposto nestes estatutos ou na lexislación aplicable.
- b) Satisfacer puntualmente as cantidades que estableza a Entidade de Conservación relativas ós gastos de conservación ou outros.
- c) Comunicar por escrito á Entidade a transmisión dos inmobles situados no polígono de referencia, ou de calquera acto ou circunstancia que afecte á titularidade das parcelas incorporadas, ou as datos e demais información complementaria, no prazo de quince días naturais dende que se produzan.
- d) Comunicar no momento de incorporación á Entidade un domicilio para notificacións.
- e) Os que se deriven das disposicións estatutarias e legais.

## ARTIGO 10.- COTAS DE PARTICIPACIÓN.-

De conformidade co establecido no artigo 233 do RLS os membros deben contribuír os gastos de conservación en proporción o seu aproveitamento urbanístico. As cotas porcentuais das parcelas fixaranse no mesmo acto de constitución da Entidade.

As cotas de conservación que corresponda satisfacer aos membros da Entidade Urbanística serán obrigatorias e esixibles por vía de constrinximento.

## CAPÍTULO III. GOBERNO E ADMINISTRACIÓN

### ARTIGO 11.- CONSTITUCIÓN DA ENTIDADE.-

As persoas promotoras e lexitimadas para a constitución da Entidade deberán redactar uns estatutos co contido establecido no RSLG e elevalos ao Concello de Arteixo para a súa aprobación. O Concello aprobará mediante acordo expreso os estatutos da Entidade e calquera modificación dos mesmos .

Tras a aprobación municipal dos estatutos, procederase polos propietarios á constitución da Entidade Urbanística en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente no que se farán constar as seguintes circunstancias:

1ª. Relación dos propietarios que integran voluntariamente a Entidade. Consideraranse membros da Entidade todas aquelas persoas incluídas no ámbito obxecto de conservación, de maneira forzosa, aínda que non concorran á súa constitución.

2ª . Relación das parcelas das que son titulares.

3ª. Acreditación de que a totalidade da superficie incluída no ámbito foi plenamente identificada, en canto á titularidade das parcelas que a compoñen, adoptándose as medidas oportunas sobre as parcelas de titularidade descoñecida ou non acreditada.

4ª. Persoas que sexan designadas para ocupar os cargos dos órganos de goberno.

5ª. Estatutos, debidamente dilixenciados pola persoa que ocupe o cargo de Secretario do Concello, ou certificación expedida pola mesma persoa comprensiva do acordo municipal polo que se aprobaron devanditos estatutos.

Ademais dos propietarios, deberá tamén subscribir o documento notarial de constitución a persoa representante do municipio que forme parte da Entidade Urbanística.

Constituída a Entidade nos termos expostos, darase traslado ao Concello dunha copia autorizada da escritura, o que determinará a adquisición da súa personalidade xurídica e plena capacidade de obrar.

### ARTIGO 12.- ÓRGANOS DE GOBERNO.-

A Entidade componse dos seguintes órganos:

A) Asemblea Xeral, integrada por todos os membros e polo representante municipal.

B) Xunta Directiva, integrada polo Presidente, Vicepresidente, Secretario, Tesoureiro, o representante municipal, e dous vogais.

#### ARTIGO 13.- A ASEMBLEA XERAL.-

A Asemblea Xeral estará constituída pola totalidade dos membros da Entidade. A Asemblea Xeral convocarase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano. Nesa Asemblea trataranse os asuntos da Orde do día, entre os que necesariamente deberán figura-los seguintes:

- Aprobación da Memoria, contas e balance do exercicio anterior.
- Orzamento de gastos e ingresos para o exercicio seguinte.
- Determinación das derramas necesarias para facer fronte aos gastos de conservación, ou habilitación á Xunta Directiva para determina-las.

A Asemblea Xeral convocarase con carácter extraordinario cando así o estime o Presidente o un número de propietarios equivalente a un terzo das cotas representadas na Entidade mediante solicitude ao efecto. Neste último caso, o Presidente convocará a sesión solicitada nos dez días hábiles seguintes á recepción da solicitude.

As convocatorias serán efectuadas polo Secretario por orde do Presidente, coa indicación dos asuntos a tratar e designación do lugar, día e hora da Asemblea en primeira e segunda convocatoria, mediando entre elas polo menos media hora. A convocatoria das Asembleas Xerais Ordinarias realizarase mediante carta certificada con acuse de recibo ou calquera outro medio que deixe constancia da súa recepción, cunha antelación mínima de sete días hábiles. Nas convocatorias das Asembleas Xerais Ordinarias manifestarase que, en horas hábiles e ata o día anterior á reunión, atópanse a disposición dos seus membros no domicilio social, a Memoria, contas e balance do exercicio anterior, e o orzamento para o exercicio seguinte.

Non obstante o disposto nos parágrafos anteriores, se o Presidente incumprira a súa obriga de convocar a sesión ordinaria da Asemblea Xeral, ou a extraordinaria solicitada polos propietarios titulares de un terzo das cotas representadas na Entidade, o representante do Concello de Arteixo poderá ordenar e efectuar a convocatoria sen intervención do Presidente. Neste suposto, o representante municipal presidirá a sesión, actuando coma Secretario quen este designe.

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando concorran a ela polo menos o 50 por 100 das cotas validamente representadas. En segunda convocatoria quedará validamente constituída calquera que sexa o número de asistentes.

Para o exercicio do dereito social de voto, así como para a presentación de candidaturas aos órganos da Entidade, será requisito imprescindible atoparse ao corrente no pagamento das cotas ou derramas acordados pola asamblea.

Os acordos adoptaranse por maioría simple de cotas de participación, salvo no caso de modificación dos Estatutos e disolución da Entidade, no que se precisará do voto dos propietarios que representen a maioría absoluta das cotas de participación. Corresponden á Asemblea Xeral as seguintes facultades:

- a) Modificación dos Estatutos, sen prexuízo da súa ulterior aprobación polo Concello de Arteixo.
- b) Elección, nomeamento e cese dos membros da Xunta Directiva.

- c) Aprobación dos orzamentos de gastos, ingresos e inversións, cotas ordinarias e extraordinarias.
- d) Aprobación da Memoria, contas e balance anual.
- e) A proposta ao Concello de Arteixo da disolución da Entidade.
- f) Calquera decisión no marco da normativa vixente e destes Estatutos, a fin de mellorar o funcionamento da Entidade e de asegura-lo cumprimento dos seus obxectivos.

#### ARTIGO 14.- A XUNTA DIRECTIVA.-

A Xunta Directiva estará constituída polo Presidente, o Vicepresidente, o Secretario, Tesoureiro, o representante municipal, e dous vogais, os cales non deberán ser necesariamente titulares de inmobles na Entidade e poderán ser remunerados por acordo da Asemblea Xeral da Entidade.

Se non son propietarios do ámbito poderán participar con voz pero sen voto na Asemblea Xeral.

Poderán ser removidos por acordo da Asemblea Xeral.

Cada un dos membros da Xunta Directiva permanecerá no seu cargo durante dous anos. En caso de dimisión, falecemento ou remoción dalgún dos seus membros, a Xunta Directiva procederá ao nomeamento dun substituto que, con carácter provisorio, ostentará o cargo ata a primeira Asemblea Xeral que se celebre.

A Xunta Directiva gozará das seguintes atribucións:

- a) Administrar a Entidade e o seu patrimonio de acordo coas leis e os Estatutos.
- b) Realizar todo tipo de actos de xestión.
- c) Executa-los acordos adoptados pola Asemblea Xeral.
- d) Desenvolver a xestión económica de acordo coas previsións acordadas pola Asemblea Xeral.
- e) Informar de contratos, proxectos e calquera clase de accións referidas ao obxecto da Entidade.
- f) Formalizar unha memoria de xestión anual na que se incluírán as contas e balance do exercicio anterior. Elaborar o orzamento do exercicio seguinte co fin de presentalo á Asemblea Xeral.
- g) Calquera outra non asignada á Asemblea Xeral ou que esta lle delegue.

A Xunta Directiva reunirse previa convocatoria do Presidente, por iniciativa propia ou a solicitude do representante municipal ou de dous dos seus membros. A convocatoria, agás nos supostos de extraordinaria urxencia ou necesidade, deberá realizarse cunha antelación mínima de 48 horas á prevista para a súa celebración.

A reunión da Xunta Directiva quedará validamente constituída cando acudan a metade dos seus membros, presentes ou representados, sempre que en todo caso asistan o Presidente e o Secretario, ou as persoas nas que deleguen.

Os acordos da Xunta Directiva adoptaranse pola maioría simple dos asistentes. No caso de empate será dirimente o voto do Presidente.

A Xunta Directiva poderá encomendar a un administrador, profesionalmente cualificado, a realización de todas ou algunhas das funcións dos seus membros.

#### ARTIGO 15.- O PRESIDENTE.

O Presidente da Entidade de Conservación será tamén o da Xunta Directiva, elixido pola Asemblea Xeral. O Presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Convocar, presidir e dirixir as deliberacións e dirimir os empates con voto de calidade.
- b) Representar á Entidade de Conservación en calquera ámbito e organismo, en todo tipo de procedementos xudiciais ou extraxudiciais e negocios xurídicos, outorgando, no seu caso e previa autorización da Asemblea xeral, os correspondentes poderes a favor de letrados e/ou procuradores.
- c) Ordenar os pagos e ingresos da Entidade, respectando os límites dos orzamentos.
- d) Dispoñer do movemento de fondos conxuntamente co Tesoureiro.
- e) Nomear o substituto provisorio do Secretario no caso de ausencia ou enfermidade.
- f) Autorizar as actas da Asemblea e da Xunta Directiva, así como as certificacións dos acordos adoptados.
- g) O exercicio de accións administrativas e xudiciais. Das actuacións realizadas darase conta á Xunta Directiva e á Asemblea Xeral na próxima sesión que se celebre.

De todas as actuacións realizadas polo presidente, deberase dar conta á xunta directiva e á asamblea xeral na próxima sesión que se celebre.

#### ARTIGO 16.- O VICEPRESIDENTE.

O Vicepresidente substituirá ao Presidente nos casos de ausencia, enfermidade ou dimisión daquel.

En ausencia do vicepresidente, exercerá as súas funcións o membro da Xunta Directiva de maior idade.

#### ARTIGO 17.- O SECRETARIO.

Correspóndelle ao Secretario:

- a) Ostentar a secretaría da Asemblea e da Xunta Directiva
- b) Levantar Acta das sesións.
- c) Responsabilizarse dun libro-rexistro no que se relacionarán os socios integrantes da Entidade con expresión das súas circunstancias persoais, domicilio, cota de participación e cantos outros estime pertinentes.



- d) Redactar e enviar aos propietarios ás notificacións e citacións, por orde do Presidente.
- e) Custodiar a documentación da Entidade.
- f) Calquera outra que así sexa designada pola Entidade.

En ausencia do Secretario, exercerá as súas funcións o membro da Xunta Directiva que elixa o Presidente.

#### ARTIGO 18.- O TESOUREIRO.-

Levará a contabilidade da Entidade, efectuará os pagos e os cobros conxuntamente co Presidente ou, en ausencia de este, co Vicepresidente, dando conta á Xunta Directiva e Asemblea xeral.

#### ARTIGO 19.- ACTAS

Os acordos adoptados pola asemblea e pola xunta directiva transcribíranse na correspondente acta, que poderá aprobarse na mesma sesión ou na seguinte, e que se incorporará ao libro de actas da Entidade, custodiado polo secretario.

Todas as actas deberán estar dilixenciadas coa sinatura do secretario e co visto e praxe do presidente, e quedarán incorporadas ao correspondente libro de actas, custodiado polo secretario.

#### CAPÍTULO IV. EXERCICIO ECONÓMICO E XURÍDICO.-

##### ARTIGO 20.- NOTIFICACIÓNS E RECURSOS.-

Os acordos dos órganos sociais deberán notificarse persoalmente a todos os membros e o representante municipal, dentro do mes seguinte ao da súa adopción.

Tódolos acordos serán recorribles ante o Concello de Arteixo, mediante recurso de alzada. A resolución do recurso por parte do Concello esgotará a vía administrativa.

Os acordos serán inmediatamente executivos. Non poderán interpoñer recurso os membros que teñan votado favorablemente ao acordo.

##### ARTIGO 21.- CONTRATACIÓN.-

A contratación da Entidade con terceiros acomodarse aos principios de transparencia, igualdade, publicidade e libre concorrência.

A tal fin, a Entidade de Conservación deberá publicar na plataforma de contratación do sector público todas aquelas licitacións cuxo valor exceda dos límites regulados na lexislación contractual administrativa para os contratos menores.

A Entidade de Conservación rexerese pola normativa contractual aplicable ás entidades pertencentes ao sector público que non teñen a condición de Administración Pública.

A contratación deberá tramitarse por medios electrónicos, e nos anuncios se identificará coma órgano de recurso ao Alcalde do Concello de Arteixo.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na Sede Electrónica <https://sede.arteixo.org/> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 27.3.d da Lei 39/2015, de 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas)

## ARTIGO 22.- MEDIOS ECONÓMICOS.-

Os medios económicos dos que disporá a Entidade estarán constituídos polas aportacións que en función das respectivas cotas realicen os seus membros co fin de sufragalos gastos de conservación, así como por doazóns, subvencións ou créditos que puideran serlle outorgados.

As achegas ou aportacións dos Membros deberán ser aprobadas pola Asemblea Xeral, coa especificación de contía e afectación, forma de pagamento e período de ingreso, e deben ser proporcionais ás cotas de participación.

As cantidades debidas á Entidade Urbanística polos seus membros poderán ser esixidas pola vía de constrinximento, previa petición da Entidade ao Concello. A efectos de acreditar a débeda dun propietario coa Entidade, será título suficiente a certificación expedida polo Secretario ou Secretaria da Entidade. Non poderá instarse a vía de constrinximento ata transcorrido un mes desde o requirimento de pago efectuado pola Entidade.

## ARTIGO 23.- DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN.-

A disolución da Entidade Urbanística colaboradora prodúcese:

- a) Por acordo da Administración urbanística actuante, previo cumprimento íntegro de todos os seus compromisos, fins e obrigacións e acordo da propia Entidade.
- b) Cando se acorde pola Administración urbanística actuante a desaparición das circunstancias obxectivas que determinaron a súa constitución.
- c) Por devir de cumprimento imposible os compromisos, fins e obrigacións asumidos, por razóns sobrevindas non imputables á Entidade, e así o declarase a Administración actuante ou fóra declarado por unha resolución xudicial firme.

O acordo de disolución da Entidade adoptado pola Administración actuante, ou declarado por resolución xudicial firme, será formalizado en escritura pública ou documento protocolizado notarialmente, dándose conta ao Rexistro da Propiedade co fin de cancelar as afeccións rexistradas das parcelas.

Unha vez aprobada a disolución abrírase o período de liquidación no que a Entidade deberá proceder á cobranza de créditos, pago de débedas e, no seu caso, repartición do remanente entre os seus membros.